

**O BARRIO EN FEMININO**  
**ROTEIRO PARA ESCOLARES. MANUAL DO GUÍA**



## BENVIDA

**Benvidos** a este roteiro que chamamos BARRIO EN FEMININO. Estamos aquí para reivindicar a memoria das mulleres no barrio e o seu papel na historia. Estaban as mulleres na sombra? Non, quen escribe a historia é quen as pon na sombra.

**Sabedes como se chama este parque?** E por que é o parque de Oza? Na parte de abaixo hai unha placa onde se explica. Este parque era parte do antigo Concello de Oza que tiña aí arriba a súa sede cando se anexionou co Concello da Coruña en 1912.

### **Cal dos dous Concellos era máis grande?**

A Coruña tiña 8 kilómetros cadrados, que son como 800 hectáreas ou 800 campos de fútbol. Oza tiña 24 kilómetros cadrados, era o triple e ocupaba todo o que hoxe é Coruña se trazamos unha liña dende San Roque de Arriba e a Praza da Palloza.

### **E cal tiña máis habitantes?**

A Coruña tiña por aquel entón, 50.000 habitantes e Oza 9.000 así que Oza puxo o terreo que necesitaba a expansión demográfica e industrial da Coruña. Porque antes todo isto eran campos de cultivo e casas pequenas, queredes velo?

## 01. CASA FERRANT

**O cadro de Ferrant.** Este cadro chámase [«Vista da Coruña dende o Corgo»](#). Pintouno Alejandro Ferrant (1843-1917) en 1891 e está no Museo de Belas Artes. Alejandro Ferrant vivía aquí, nunha casa que xa non existe pero consérvanse algúns muros e construcións, como podedes ver nestes cadros.

**Esta casa foi tamén a primeira sede da [Compañía de María](#).** Unha orde relixiosa que promulgaba unha educación cristiá específica para as nenas. Foron [quince monxas as que en 1917](#), hai máis de cen anos, crearon aquí unha escola para nenas. En 1925 mudáronse a Cidade Xardín e ata 1977 foi un colexio só de nenas. Despois falaremos máis da educación e de quen sabía ler e escribir, pero ante imos comprobar se sabedes mirar.

**ACTIVIDADE. Imos dividirnos pola sardiña.** Tedes que colocarvos en fila por orde de nacemento sen falar, entendéndose por signos. Unha vez en fila dividímonos pola noite de San Xoán, os que naceran antes a un lado e despois ó outro. Cada grupo vai levar un mapa no que pode ir colocando os puntos polos que pasamos e tedes que ir complementando a parte de atrás coas fotografías antigas que vos imos dando.

**ACTIVIDADE. E agora imos comprobar se sabedes mirar.** Alejandro Ferrant inspirouse neste entorno para pintar moitos dos seus cadros. A ver se atopades algúns dos elementos que aparecen nos cadros e dende onde se colocou o pintor. Se o facedes conseguiredes a primeira pegatina para completar o voso mapa



## 02. PRAZA ELVIRA BAO. MULLERES NA CULTURA

**Quen era [Elvira Bao](#)?** Foi unha intelectual e activista que defendía a igualdade de dereitos e o acceso á cultura de todos, pero especialmente das mulleres, apartadas en moitos casos da vida pública. Non era o seu caso. Formou parte das [Irmandades da Fala](#) (1918) defendendo a cultura e o ensino en galego e da Agrupación Republicana Feminina (1933) que defendía que as diferencias sociais mudábanse con educación e dereitos.

**Mestra da República.** Elvira Bao foi mestra nas colonias escolares do Sanatorio de Oza, onde estudaban fillos de familias desfavorecidas ou con enfermidades respiratorias. Cando estalou a Guerra Civil metéronna no cárcere polas súas ideas e retirada do ensino público. Trala Guerra mudouse a unha casa en San Roque de Afora da que apenas saíu e onde daba clase a rapaces e rapazas do barrio.

**ACTIVIDADE.** E porque lle importaba tanto a Elvira Bao a educación? [Porque saber ler e escribir era a base da transformación social](#). En 1930 vivían na Coruña 75.000 persoas e 25.000 non sabían ler nin escribir. Cantos eran homes e cantos mulleres? 10.000 homes e 15.000 mulleres. Imos facer un experimento, a ver cantos de vós iriades á escola en 1930. Imos repartir uns roles e segundo o que vos toque ides decidir en grupo quen estaría na escola e quen non. Se queredes poderdes transformavos se vos toca ser muller ou home

### CONCLUSIÓN

Esta praza recibiu o nome de Elvira Bao no 2017, nun intento por dar visibilidade ás mulleres que tamén forzaron a historia desta cidade. A partires de agora ídevos fixando que rúas teñen nome de muller e cales de home.

### 03. ESTACIÓN DO NORTE. MULLERES NO PODER

**Onde está a Estación de Autobuses** estivo a primeira estación de tren da Coruña, a Estación do Norte que se inaugurou a finais do século XIX. Querían facela na Praza de Pontevedra, pero fíxose aquí porque as industrias do porto crecían moito. Este era o límite entre os Concellos da Coruña e Oza e coñecíase como O Xuncal, posiblemente polos xuncos que crecían á beira do río Monelos e que agora vai subterráneo.

**Isabel II foi a raíña que puxo a primeira pedra desta liña do tren** en 1858. Cóntase que ó acto non invitaron ó alcalde de Oza por ser un home de rural pero que el se presentou igual e foi o único que conseguiu que Alfonso, o fillo da raíña parase de chorar. Por iso se dicía que era un alcalde capaz de facer calar a un rei. Ese neno era o futuro rei Alfonso XII que faría a viaxe inaugural da liña Madrid-A Coruña en 1883.

**Isabel era a raíña** porque seu pai mudara os dereitos de transmisión do trono retirando a Lei Sálica que prohibía que as mulleres puideran ser coroadas. Fernando VII instaurou outra lei que permitía reinar as fillas se non tiñan irmáns varóns. Isabel era filla única e ó seu tío Carlos este cambio da lei non lle gustou nada, xa que coa Lei Sálica sería el o rei. Isto foi o desencadeante das Guerras Carlistas.

E agora, en España, **poden ser raíñas as mulleres?** So se non teñen irmáns varóns. O herdeiro da coroa española selecciónase primeiro por xénero, despois por idade e por último por grado de familiaridade.

#### ACTIVIDADE

Como se escollen os reis e raíñas? Por voto? E que escollemos votando? Credes que ó alcalde de Oza que calmou ó fillo da raíña foi votado por mulleres? [Ides recibir cada un país](#) e tedes que ordenarvos polo ano no que a muller recibiu o dereito a voto.

#### CONCLUSIÓN

E agora para avanzar imos ver se podedes ubicar a Estación do Norte. Esta foto é de 1964, ó día seguinte de que ardera. Ubicade dende onde está sacada, onde estaría a entrada, as vías e o que vedes na imaxe.

## 04. RÍO MONELOS. MULLERES NO RÍO

**O nome desta rúa é literal. Por aquí debaixo está canalizado** o Río Monelos que desemboca en San Diego. Este río pasaba por diante do Corte Inglés e desembocaba fronte a Casa do mar. Despois desviouse por aquí para gañar terreos para as fábricas e había varias pontes. Unha delas xusto aquí, na intersección con Alcalde Marchesi. Esa ponte destruíuse pero consérvase aquela que vedes alí ó fondo e que nos axuda a imaxinar como era o río antes. Imos ata alí.

**Unha das características do río Monelos é que había moitos muíños** e tamén aceas ó carón do mar, que son os muíños que aproveitaban as mareas. Ademais de para moer cereais ou regar as hortas, o río empregábase tamén para lavar. O de lavandeira era un oficio moi popular na Coruña, e adicábanse a elo as mulleres humildes da zona rural que ían recoller a roupa a casa das familias burguesas e lavábanna no río primeiro e despois nos lavadoiros que se foron construíndo. Despois clareábanna ó sol. Un oficio duro pero que permitía as mulleres manexar cartos, ter un soldo.

**Como pensades que era o traballo de lavar no río?** Queredes probalo? Arrodillámonos e intentamos lavar un pano. Pois por este traballo cobraban entre 2 e 3 pesetas por día. [En 1907 fixeron unha folga](#) da que falan os xornais da época exixindo unha mellora das súas condicións, que lles pagaran máis pola roupa que se usase máis dunha semana e polas viaxes extra para ir recoller a roupa ás casas.

**ACTIVIDADE.** Outra das reclamacións das lavandeiras e que tamén aparece na prensa da época era que se arranxaran os camiños, no inverno e coas crecidas do río Monelos moitas veces camiñaban entre a lama. Nos imos atravesar a ponte engadindo unha dificultade para entender o que é camiñar con obstáculos como a lama.

Poñémonos en fila e collidos da man entre as pernas. Imos poñerlle ritmo:

Aí ven mamá pato / pachín /  
aí ven mamá pato / pachín /  
aí veñen os patinhos/ pachín, pachín, pachín

## 05. A PALLOZA E A FÁBRICA DE TABACOS. MULLERES NO TRABALLO

- 1808 abre como Fábrica de Tabacos
- 1809 ocupado polo exército francés
- 1901 instalación eléctrica
- 1896 e 1920 lumes
- 1908 Reformado por Antonio de Mesa
- 1987 Faise o monumento á cigarrera Amparo
- 2002 Péchase.

**A fábrica de tabacos da Coruña** é unha das factorías máis antigas de Galicia e unha das primeiras en crear unha clase obreira feminina. Ata que se abriu esta fábrica as mulleres da Coruña non tiñan outra maneira de gañar un xornal que non fose con traballos domésticos para outros. Pero aquí tiveron a oportunidade de gañar un soldo como os homes, e foron a forza laboral desta fábrica durante os case douscentos anos que estivo en funcionamento. Abriuse en 1808 e pechouse definitivamente no 2002. Nese tempo chegou a ter ata 4000 traballadoras. Os homes, que eran unha minoría, ocupaban postos técnicos e de dirección. Agora é a sede dos xulgados.

**Esta escultura é unha homenaxe á cigarrera Amparo**, a protagonista da novela de Emilia Pardo Bazán “La Tribuna” unha das poucas novelas do século XIX que é unha historia de mulleres contada por outra muller. Percorre a historia de Amparo ó longo do século XIX facendo un paralelismo da súa vida cos acontecementos políticos e sociais da época.

Ademais de cigarreira, Amparo moitas veces facía de lectora, entretendo ás súas compañeiras coa lectura da prensa ou de novelas.

E como eran as cigarreras? traballadoras, solidarias e reivindicativas. Coñecidas pola loita sindical a traveso da Unión Tabacalera, colaboraban coas folgas doutras mulleres da cidade e construíron ese [edificio](#), a casa das cigarreiras, que ía ser sede do seu sindicato e ofrecer servizos como unha escola para os fillos das traballadoras. Pero estalou a Guerra Civil antes de rematalo. Agora é a sede da UGT.

**O carácter reivindicativo das cigarreiras** fixo que por exemplo, en [1857 protestaran contra o uso da nova maquinaria que as obrigaba a traballar máis rápido](#). Amotináronse e destrozaron maquinaria e tirárona ó mar, tendo que intervir o exército. Algunhas foron levadas presas ó cárcere do Parrote.

**ACTIVIDADE.** Imos decidir que nos gustaría reivindicar e poñelo nunha pancarta para ir ata o seguinte punto. Pensade tamén algunha consigna. Cando cheguemos darémosvos a pegatina desta parada. Antes de irmos fixédevos nesa escultura que se ve dentro do porto.

## 06. O MURO E O PORTO. MULLERES NO MAR

**Ata quí chegaba o mar** e antes, onde había mar había peixe. Quen pescaba o peixe? E quen o vendía? As pescantinas, as mulleres do Muro. Así é o como se coñecía a lonxa do porto, a onde chegan as capturas e se subastan por lotes para despois venderse a tendas, restaurantes... Iso sucede agora e tamén hai douscentos. Cantas mulleres vedes nas prazas vendendo peixe? E cantos homes? Ó muro chegaban ás mulleres cun cesto e levaban peixe para vendelo nos mercados, ós restaurantes ou incluso casa por casa.

**Que era esa escultura xigante que vimos polo camiño?** É unha agulla. Para que serve? Para facer redes. As [redeiras](#) é un oficio eminentemente feminino que aínda se conserva, pero no que as condicións de traballo son moi duras. Por exemplo, cando hai veda nun tipo de captura os mariñeiros reciben unha axuda por non poder ir ó mar pero as redeiras non reciben axudas a pesares de que non teñen traballo con esas redes. Na Coruña segue habendo xente tecendo nas redes. No peirao de Oza hai unha nave de redes grandes das do Gran Sol. E en Lorbé hai redeiras que seguen arranxando as de baixura.

**Porque pensades que o de redeiras era un traballo feminino?** Como a maioría dos traballos que temos comentado, porque se facían preto da casa e permitían á muller seguir coidando dos fillos e atender o fogar.

### ACTIVIDADE.

Imos tecer a nosa propia rede cos traballos que pensamos que poden facer as mulleres. Temos que dicir un oficio feminino e lanzar o ovillo de tela a outro compañeiro.

## **PRAZA CONCEPCIÓN ARENAL**

En desenvolvemento (proposta recollida no documental)